

ENTREVISTA A RAMÓN BLANCO



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_CaRi_0007_B_id3581_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_CaRi_0007_B_id3581.mp4
TIPO DE DOCUMENTO:	Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Ficha de contexto, transcripción e fotografías. Vídeo resumo editado mp4. Ficha de fotografías do equipamento do taller. Ficha de fotografías antigas.
DATA DE RECOLLIDA:	luns, 23 de outubro de 2023
LOCALIZACIÓN:	
Localización:	Astilleros de Aguiño S.A.
Lugar:	Aguiño
Parroquia:	Aguiño (Nosa Señora do Carme)
Concello:	Ribeira
Provincia:	A Coruña
INFORMANTE:	
Nome:	Ramón Blanco Fajardo
Idade no momento da recollida:	84 anos
Lugar e data de nacemento:	Monte de Exipto, Abanqueiro (Boiro), 25 de novembro de 1938
Lugar de residencia:	Aguiño (Ribeira)
Ocupación:	Carpinteiro de ribeira
COLECCIÓN:	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)
ENTREVISTA REALIZADA POR:	Isabel Vigo Rodríguez (APOI-MPG)
GRAVACIÓN REALIZADA POR:	Fernando Portela (IMACO)
EQUIPO DE GRAVACIÓN:	Sony FX6 e Sony A7SIII
ASISTEN Á GRAVACIÓN:	Ramón Collazo e Lita Places (AGALCARI).
DURACIÓN:	12'08"

CONTEXTO:



Vídeo editado das entrevistas realizadas a mestres carpinteiros de ribeira para o *Proxecto de Rexistro e salvagarda do conxunto dos saberes patrimoniais arredor da carpintaría de ribeira* (SI-2023-0245.INT) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, adxudicado á Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI).



A gravación completa (1:13:26) pode consultarse, de xeito presencial, no Museo do Pobo Galego así como a copia deste vídeo editado en maior resolución.

PALABRAS CHAVE: carpintería de ribeira , embarcacións tradicionais

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN DO VÍDEO EDITADO:

Daquela a primeira escola aos 7 anos, cando tiña 7 anos podías ir á escola xa oficial e logo despois, ata os 14.

E despois aos 14 anos fun para un taller. Seis meses e despois cambieime a outro e aí empezamos xa. Eu empezando a traballar e a facer barcos. A facer barcos, traballando algunha peza para o que facía falta.

Eu son nativo de Boiro, de Monte de Egipto. (...) E traballaba nun astillero que hai, que aínda existe,

Alí a base de machada e cepillo, e serra. A serralas madeiras. A serrar a madeira coa serra pa refender a pa eso. Había dous homes que tiñan o que lle chamamos o serrón de aire onde facían as tablas e as vigas e eso, e logo dispois cunha serra máis pequena recortábamos todo á man tamén que alí non había electricidade ningunha, todo era á man.

Ese foi o primeiro traballo durante 6 anos hasta ir para a Marina.

Eu tiña moita ilusión por aprender pero poñíanme tamén traballos quizás algo difíciles porque os outros non eran capaces ao mellor a outros rapaces, porque alí eramos 5 ou 6 rapaces a facer barcos, o sea, todos así. E había o señor José que era o maestro e máis o fillo que sabían un pouco máis porque eran maiores pero os traballos case todos os facíamos os rapaces. A base de machada, azuela, cepillo e serra e todo. E barrenar á man. Si había que barrenar unha cavilla había que barrenar á man.



De vir pa aquí, pois o fillo do señor José anduvo navegando e despois púxose nun taller solo e chamoume cando eu andaba navegando.

Ofreceume un sueldo que me salía mellor que andar na mercante e entonces vin para onde el. E despois el propuxo vir para aquí.

Pa vir para aquí viñemos tres socios. Para empezar a facer esto, faltaba a cousa principal que era o carto. “Bueno, ímolo a facer nós” e fixémoslo nós.

Viñemos en maio do ano 1970 e tardamos... no mes de diciembre xa empezamos a facer un barco que traíamos xa de encarga para aquí. Empezamos a facer un barco aquí no mes de diciembre co galponciño aí pequeno, trouxemos as máquinas que tiña o socio no outro taller e viñemos pa aquí e aquí empezamos. Botamos eses cinco anos facendo barcos. Barcos aquí, para a zona de aquí. Fixemos para aquí para Aguiño, para Ribeira, pa Arousa, para onde había.

Nós dornas no. Nós solamente facíamos barcos deses aí de 10-12 metros, o máis grande que fixemos foi de 18 metros. Despois 12 metros, 14 metros. Según pedían, según se facían.

Máis ben xa tiñamos plantillas. Si, porque o socio xa fíxose con plantillas do pai, do señor José. E entonces despois se había que facer un barco máis grande pois tamén se facía un barco máis grande. Facía o medio barco, á escala e desarrollábase e facíanse as plantillas e facíamos así.

O armador por exemplo cando viña encargar un barco “quero un barco de 12 metros” entonces facías un barco á tercia e entonces xa tiñas que dar 4 metros de manga. Pero preguntabas tamén, daquela, os motores eran pequenos, pouco carto e eso. “Que motor vai a levar?” “E motor leva tal” Entonces non pode ser tan ancho se non non anda nada porque tal. E para que vai ser, para redes, para nasas ou para o palangre ou según. Desarrollabase todo co armador. E despois según fora, á hora de repartir o barco, onde vai o motor, onde vai o puente. Normalmente o motor sempre vai no centro do barco, do centro para popa. Despois o puente pois queroo aquí ou quero tanto espacio para proa do puente ou tanto espacio para a popa do puente. Entonces despois repartíanse e facíanse as escotillas para as bodegas e para eso. Repartíase todo o barco según o armador e máis para o que fora.

Unha vez que tes o diseño e están as plantillas feitas pois podes empezar pola quilla, nos empezabamos pola quilla, claro, por supuesto. Uns á quilla e outros ás cuadernas xa. E entonces ao que se iba facendo a quilla, ibas enlazando, facendo as pezas todas da quilla, cando estaban para



Museo do Pobo Galego



Instituto de Estudos das Identidades

armar, armábamos a quilla e se había algunha cuaderna feita xa poñíase encima e xa ibas facendo cuadernas.

De plomar os barcos (...) entre todos mirábamos un pouco de aquí, un pouco de alá, outro iba ao centro do barco, medir dun costado ao outro. E no medio da bodega poñer o plomo e que viñera ao medio da sobrequilla. Porque normalmente cando poñíamos a sobrequilla procurabamos que fora centrada. Entoncez facíase un aquel para que quedara centrado por culpa despois de ao barrenar as cavillas. E entoncez era tamén unha forma de mirar tamén o plomo do barco. Logo despois pola parte de popa, como a popa era recta de arriba a abaixo tamén pomábamos pola popa. Pero tiña que plomar a popa e máis que a proa quedara unha con outra porque se non... coma este barco. Neste barco tira a proa para un lado e a popa para o outro. Eso polo traballo, logo. Polo traballo é un barco sencillo. Este barco para o traballo que ten é un barco sencillo, ao meu ver. Ao mellor o que o fixo... ao mellor non o fixo para este traballo, igual o fixo para outro. Pero é así.

Entoncez para que o barco salira ben había que plomar a popa e máis a proa. Eso sempre, sempre. E que quedara dereitiño. E despois ben suxeto, para que non torcera. E despois a quilla ben sujeta tamén abaixo para que non ... tiña que quedar todo dereitiño. E de aí empezabas a traballar. A poñer as cuadernas, a poñer a sobrequilla a poñer todo e empezabas a desenvolver todo o barco.

Despois xa viñan os varaderos, as cintas e eso e xa despois xa empezabas a traballar no barco.

Clavo cuadrado para as cuadernas. E despois ao levar a sobrequilla xa iba a sobrequilla encavillada de arriba a baixo á quilla para suxetar todo. A nós nas cuadernas usabamos clavo galvanizado cuadrado. Tanto para suxetar as cuadernas como suxetar as cuadernas na quilla e usábamos todo clavo. E despois as cavillas, o sea, a quilla ca sobrequilla xa eran cavillas galvanizadas tamén. O largo que quixeras, según o gordo que tivera a quilla pois según era a cavilla. Había cavillas de 20, de 25 ou o que fora. Según fora o barco, según metíamos a resistencia de ferro.

E o bance tamén se clavaba con clavo. Se era gordo, se era un barco grande. Se era un barco máis pequeno pois con puntas. Porque se tes unha cuaderna pequena, o sea, delgada, e lle metes un clavo reventas todo. Non pode ser. Entoncez ibas según fora o material, según había que facer o aquel. E todo con clavo, galvanizado, por suposto.

Eran outras cousas, non é o galvanizo de agora, era o de antes. Que agora xa non hai onde comprar.

Daquela facíanse barcos moi grandes de madeira, levaban moita clavazón, moitas toneladas de clavos e cavillas.



Aquí había carpinteiros de ribeira, facían dornas e facían reparacións tamén en algunha cousa. Pero así barcos había un en Castiñeiras que ten feito así barquiños xa para a batea tamén algúns e facía algúns de pesca. Pero era el solo e entón nos xa era outra cousa, xa o faciamos máis rápido. Eramos máis xente, seis ou sete homes pois xa facíamos algo máis. E máis atendiamos algunha reparación xa.

Que ao haber moito barco de madeira eran moitas as reparacións que había que facer e os barcos non todos eran novos. Entón, nos barcos de pesca sempre había reformas. Había reformas para facer de aquí, ou cambiaban de arte ou aquí viñan a facer isto ou a facer o outro. Sempre había moita madeira que meter. Sempre se facía moita reforma.

Ao haber moita xente traballando, moita..., os poucos que somos, pois algún sempre trae algo que enséña. Ou descubre unha cousa e “esto para facer así pois facemos así?” “ah, pois mira, isto ten aquí” porque os barcos tamén enséñan. O barco que ven doutro astillero tamén che din como están traballados e se ti entendes un pouco tamén ves como traballan noutros sitios.

Os carpinteiros antes eran moi decididos e máis discurrían moito da cabeza. Discurrían para facer o barco, como había que facelo, onde habían de ir á madeira, como había que colocala, ... moito. Eu penso que estaban máis metidos no traballo. Agora hai que cepillar esta peza, cepíllase esta peza. Pero daquela cando había que cepillar unha peza á man ou facer unha quilla á man estabas mirando como vou a zafar daquel nudo, teño que pasar por aí. Agora mételo na máquina e vai con todo. Agora non te preocupas de nada. Ou para que lado lle darei, pa aquí, pa alá. Eu penso que antes a carpintería gustoume pero antes era outra cousa.

Cando facías unha peza, despois de ter a peza feita o tempo que che levaba non eras capaz a sabelo pero facíalo, facíalo. Un pau, traías un carballo e empezabas a darlle ca machada nun lado e no outro hasta que facías a peza.

Ninguén ocultaba nada, non. Ao contrario, nós a xente que tivemos aquí “vamos a facer así” ou traballadores “como facemos aquí, Ramón?” e ao mellor eu sabía menos ca eles pero eu era o jefe e tiña que preguntarlle “vamos a facer así, a ti que che parece?” “Eu facíao así” “Pois así é como tes que dicir” E imos sacando uns dos outros.

Que a xente foi contenta cando levaba os traballos, por algo era, de feito é que levamos aquí tantos anos. Porque son moitos anos. Pasábo ben, pasábo ben.(...) E moitos que me agradeceron o traballo que lle facía. Eses son trofeos que un ten.

FOTOGRAFÍAS:



Museo do Pobo Galego



Instituto de estudos das identidades



Ramón Collazo, Ramón Blanco, Lita Places e Jorge Blanco arredor do banco de carpinteiro en Astilleros de Aguño.



Ramón Blanco e o seu fillo Jorge xunto a Ramón Collazo despois da entrevista.